



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

SELECCIÓN LABORAL DE (1) OFICIAL CONDUTOR TRACTOR PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE OBRAS E SERVIZOS, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, CORRESPONDENTE AO PROGRAMA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, PEL-CONCELLOS 2025 (EXPDTE. 2025/E001/000001).

SEGUNDA FASE. PROBA PRÁCTICA. CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS.

En Ordes, a 07 de abril de 2025, sendo as 09 horas e 35 minutos réunese na Sala de Xuntas da Casa Consistorial (3º andar) do Concello o Tribunal nomeado para xulgar o proceso de SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE (1) OFICIAL CONDUTOR TRACTOR PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE OBRAS, convocada por decreto da Alcaldía nº 194/2025, de data 21/02/2025.

Asisten:

- **Presidenta:** Pilar Rey Rodís, Funcionaria da escala de administración xeral, subescala de xestión.

- **Vogais:**

- Yolanda Cela Villaverde, Funcionaria da escala de administración xeral, subescala de xestión.
- Ramiro Rama Figueira, Funcionario da escala de administración especial, subescala de servizos especiais, persoal de oficios.
- Pedro Antonio Ferreiro Rodríguez, Persoal laboral, Oficial 1ª.

-**Secretario:** José Alberto Moar Tobío, Funcionario da escala de administración xeral, subescala de xestión.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, procedéndose seguidamente de conformidade co establecido na Base 7ª (Desenvolvemento do proceso selectivo) a análise das alegacións presentadas polos aspirantes contra as puntuacións provisionais outorgadas ós aspirantes na segunda fase do proceso selectivo, proba práctica, celebrada o 28 de marzo de 2025.

Unha vez transcorrido o prazo (5 días) establecido para alegacións ou/e reclamacións dos aspirantes, e visto que non se presentou alegación ou reclamación algunha, o Tribunal acorda elevar a definitivas as puntuacións provisionais, quedando polo tanto aquelas do seguinte xeito:

ASPIRANTE	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
RAÑA CASTRO, JUAN MANUEL	***2236**	3,50

De conformidade ca Base sétima do proceso selectivo, quedan eliminados os/as aspirantes que non acadaron polo menos á metade da puntuación máxima desta fase, e dicir, os que non obtiveron un mínimo de 3 puntos.

Polo tanto, os/as aspirantes que superan esta segunda fase son os/as seguintes:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ASPIRANTE	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
RAÑA CASTRO, JUAN MANUEL	***2236**	3,50

Examinada a documentación achegada coa solicitude de participación no presente proceso polos aspirantes que superan esta fase, compróbase que deben realizar a terceira fase, é dicir, a proba de coñecemento da lingua galega, por non ter acreditado estar en posesión do certificado de lingua galega (Celga 2) ou equivalente, os aspirantes seguintes:

ASPIRANTE	DNI
RAÑA CASTRO, JUAN MANUEL	***2236**

E non sendo outro obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a presidencia que se redacte presente acta. Sendo as 9 horas e 45 minutos do día sinalado ó comezo.

RECURSOS: Contra o presente acordo do Tribunal de Selección, poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación do mesmo. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso ou exercerse calquera outra acción que se estime convinte.

Ordes, documento asinado dixitalmente.

A Presidenta,
Pilar Rey Rodís

O Secretario,
José Alberto Moar Tobío.